

# PLAN ANUAL DE LECTURA

Biblioteca do  
CPI de Atios

CURSO 2023-2024

## **ÍNDICE**

1. Introducción.
  2. Normativa.
  3. Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro.
  4. Actividades programadas e temporizadas.
  5. Seccións: Bibliotecas de aula.
  6. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas: Hora de ler (Plan Lector).
  7. Contribución ao desenvolvemento das competencias:
  8. Recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura.
  9. Itinerarios lectores.
  10. As TIC no PAL.
  11. Seguimento e avaliación do PAL.
  12. O PAL no entorno do alumnado.
- Anexo I: Modelo de fichas de avaliación de actividades da Biblioteca.

## 1. INTRODUCCIÓN

En cumprimento da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE), pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), e a súa concreción no Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria e o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, o CPI de Atios conta cun Proxecto Lector de centro que se concreta no presente Plan Anual de Lectura.

A dotación económica do PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares), que o presente curso escolar ascende a \*\*\*\* €, vai permitir á biblioteca do CPI de Atios adquirir fondos bibliográficos cos que apoiar o proxecto de centro, os proxectos das aulas, os itinerarios lectores, así como incorporar novo mobiliario para facer un espazo agradable, accesible (ambas xa o son) pero cambiando aqueles mobles que están deteriorados polo uso.

Este curso esperamos poder continuar co tipo de actividades que se viñan organizando en anos pasado, sen ter en conta o tempo de pandemia, e que xa retomamos un pouco no 22 e 23; coma aquelas que aínda eran un proxecto por materializar como o de iniciar un pequeno espazo *maker* dentro da biblio no que recoller e amosar as distintas experiencias e experimentos realizados nas aulas. Tamén intentaremos rehabilitar o “Recuncho Fedelleiro” na biblioteca, dando así soporte e continuidade ás actividades que se desenvolven no [Club de Ciencias](#) e que se desenvolverán no 2023-24 no marco do segundo curso de [Polos Creativos](#).

## 2. Normativa

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia.
- Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 6 de xuño de 2023 da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non

universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o curso 2023/24.

- Instrucións de comezo de curso da dirección xeral de centros e recursos humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2023/2024, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da consellería de cultura, educación e universidade.

### **3. Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro.**

O pasado curso 2022-23 comezamos unha labor de [descatalogación e expurgo](#) de libros que pretendemos continuar, aínda que xa menos neste curso, pois fíxose unha gran renovación da biblioteca o que implicou un gran expurgo. No proceso atendemos á opinión do alumnado, do profesorado e aos rexistros de préstamos fornecidos polas dúas bases de datos aínda operativas na biblioteca. O expurgo facilitou a [recolocación dos fondos](#) procurando unha presentación dos mesmos máis racional e motivadora para o alumnado, suxeita a cambios evolutivos dependendo das necesidades ou dificultades que se vaian atopando ao longo deste curso. Esta tarefa debe continuar neste curso para darlle maior visibilidade a determinadas materias e exemplares que habitualmente pasan máis desapercibidos na biblioteca ou non reciben a atención que merecen. Case todos os libros están xa catalogados en Meiga e durante os meses de outubro a decembro, quedarán xa catalogados neste programa os que todavía figuran en Abies. Este programa xa non se utiliza na nosa biblioteca.

A [estreita colaboración entre a biblioteca e o EDLG e o EACE](#) revelouse especialmente produtiva o pasado curso. Constitúe unha tarefa primordial alimentar esta colaboración da que todos tiramos un proveito que redunda no beneficio dos nosos alumnos. As festividades, conmemoracións e celebracións ou actividades específicas do noso centro deben ser organizadas polos tres equipos e deben ser presentadas como proxectos comúns, pois deste xeito convértense en actividades autenticamente interdisciplinares ao vencilar profesorado procedente de materias, etapas e ciclos diferentes.

No primeiro trimestre do curso 20/21, inauguramos unha nova sección dentro do apartado da biblioteca na páxina web do centro para ofrecer un [Fondo Virtual](#) de lecturas. Continuaremos incrementando a oferta e a variedade para aumentar así as posibilidades de lectura e dar resposta ás diferentes necesidades.

Intensificaremos a colaboración cos distintos departamentos: subministrando materiais precisos para a impartición das súas materias e colaborando para un beneficio mutuo por exemplo, na organización de [concursos e itinerarios lectores](#) (ex. Ciencias, Historia, Linguas).

Na nosa biblioteca, están etiquetados todos os exemplares adquiridos con orzamento específico para STEAM e de fondos de inclusión. Partindo deste precedente, será unha tarefa continuar [etiquetando](#) tamén no exterior dos libros con distintos adhesivos [todos os exemplares que aborden temáticas de inclusión](#) de persoas con distintas capacidades e [temáticas sobre a igualdade](#) de xéneros e de oportunidades. Na mesma liña de actuación, seleccionaremos e baixaremos todos os libros infantís e xuvenís que aínda puidesen quedar situados en altura, nomeadamente aqueles de temática de inclusión, aos andeis inferiores.

No curso 2022/2023 comezou a funcionar un espazo de lecturas inclusivas, encargado de ir modificando e resaltando aqueles títulos importante, o equipo de igualdade e convivencia formado por alumnado e profesorado de secundaria. Neste curso pretendemos continuar con esta actividade que resultou motivadora e de calidade para toda a comunidade do CPI.

**Como** xa fixemos nos pasados cursos, continuaremos a [dotar o blog da biblioteca de contidos](#) de xeito que sirva para difundir as actividades que estamos a facer nela, pero tamén para que sirva como vehículo de comunicación coas titorías e as familias, e fonte de recursos de onde eles poidan obter materiais de lectura para traballar nos plans lectores, nas aulas, ou nas casas. O blog da biblioteca sempre constituiu un magnífico escaparate dos traballos relacionados coa lectura que fixeron os alumnos de Atios, tanto dende as súas casas durante o confinamento de 2020, coma na aula ao longo dos pasados cursos, e nos permitiu seguir a facer animación á lectura por iso o blog deberá ser unha liña de traballo moi prioritaria no vindeiro curso escolar.

No curso escolar 2023-24 continuarase promovendo o emprego da biblioteca como espazo onde alumnado e profesorado pode acudir para buscar información tanto en soporte papel coma dixital, e onde os profesores dispoñen de pantalla e canón para traballar materiais audiovisuais cos seus alumnos.

Seguiranse a difundir os fondos da biblioteca grazas á programación de actividades de animación á lectura diversas, relacionadas coa época do ano, e como tema escollido para traballar como proxecto de centro: elaboración de murais, trípticos, carteis e marcadores de libros; exposicións de libros; lecturas dramatizadas, obras de teatro e monicreques,

contacontos, visitas de autores e sobre todo, a través da elaboración de materiais dixitais para difundir a través do blog da biblioteca e da páxina web do cole.

Continuará a **comunicación cos distintos departamentos e ciclos**:

- Para responder ás necesidades de cada departamento e ciclo.
- Para servir de fonte de recursos nos proxectos documentais que realiza o alumnado.
- Para servir de información nas saídas que o centro realice.
- Para poder ter relación coas actividades programadas ao longo do curso polos equipos de EACE , EDLG, comedor e ANPA.

A biblioteca continuará a relacionarse co Dpto. de Orientación para mercar material que supla na medida do posible as dificultades coas que se atopa o alumnado con NEAE e o alumnado con menos acceso aos recursos relacionados coas novas tecnoloxías, de tal maneira que se vexan favorecidos no uso dos medios da biblioteca e esta sexa un instrumento para compensar as desigualdades.

Continuará tamén a **relación co equipo TIC** que asiste ao labor da biblioteca coma soporte técnico e fonte de asesoramento, para así manter ao día os programas informáticos instalados nos ordenadores da biblioteca, grabar parte das actividades de animación que se realizan na biblioteca e subilas ao blog da biblioteca, á web do cole ou á televisión educativa do centro (AtiosTV, dispoñible como canle en Youtube).

Adaptaremos as actividades tradicionais na biblioteca. O papel dos axudantes de biblioteca; as ferramentas dixitais serán novamente unha oportunidade neste curso escolar para desenvolver as actividades de animación á lectura.

Actualizaremos e ampliaremos os recursos dixitais no apartado da Biblioteca dentro da páxina web do centro para facer posible unha biblioteca virtual accesible a calquera usuario, neste caso pertencente á comunidade educativa ou alleo a ela.

#### **4. Actividades programadas:**

A nosa proposta de actividades para o presente curso é a seguinte:

-No primeiro trimestre do curso serán programadas, en colaboración coas titorías, [actividades de formación de usuarios](#) que permitan aos nenos de 1º Primaria iniciarse no manexo da biblioteca e ao resto dos cursos familiarizarse e mellorar os seus coñementos sobre a CDU e a ubicación dos recursos. Faranse xornadas de formación para os alumnos de 3º E. Primaria en adiante en relación coa busca de información en internet en colaboración co equipo das TIC e o departamento de Tecnoloxía. Dado o grande éxito que tiveron o pasado curso os [tutoriais en vídeo](#) elaborados polos alumnos de 5º e 6º de E. Primaria e organizados pola coordinadora de Primaria, continuaremos traballando con eles na elaboración de materiais sobre formación de usuarios para incluír no blog ou na programación da TV educativa do centro.

-[Equipo de axudantes de biblioteca](#): a principio de curso serán asignadas as primeiras quendas de axudantes. Gustaríanos participar outra vez no programa de Bibliotecas solidarias, polas opcións de traballo interesantes para os axudantes de biblioteca que poderían resultar de gran utilidade como promotores dos contidos do blog da biblioteca, como dinamizadores dos fondos da biblioteca a través da rede e transmisores aos seus grupos-clase.

-Organización de meses por centros de interese (Día contra a violencia de xénero, Día da paz, Letras Galegas, ...) e tipos de lecturas (o cómic, a prensa, a lectura libre, poemas, teatro lido, ...) que irán variando segundo os acontecementos sociais e culturais que se produzan ao longo do ano e que estarán relacionados coas distintas áreas do currículo. Sempre no CPI de Atios se determina un [tema de interese que constitúe un proxecto a traballar de xeito interdisciplinar](#) en todas as etapas durante todo o curso; este tema actúa como fondo de pano na biblioteca inspirando algunhas das lecturas nas aulas e na propia biblioteca do centro.

-Retomaremos o [Xogo do Gran Lector en Primaria](#), dados os bos resultados que a actividade reportou en anos anteriores.

-Elaboración de pequenos traballos baseados na lectura que serán publicados na TV educativa do centro ou no blog da biblioteca.

-Creación dun marcador personalizado a elaborar en cada titoría para cada alumno de educación primaria que facilite os préstamos na biblioteca e promoción da lectura en educación primaria a través do [Xogo do Gran Lector](#) que promove a biblioteca e que premia aos rapaces e rapazas que len máis libros e entrega de premios no final do curso aos lectores máis asiduos á biblioteca. Isto permite a realización de pequenos resumos escritos e ilustrados das lecturas do Xogo do Gran Lector.

- Lecturas en voz alta cun ambiente relaxado e adecuado, sobre todo nos cursos de educación Infantil e primeiro ciclo de primaria.
- Sesións de **contacontos** botando man de profesores, nais e pais, alumnado dos últimos ciclos, e puntualmente visitas de autores e contacontos ... tanto na biblioteca como nas propias aulas.
- Os lectores máis asiduos comentarán para os compañeiros os libros que máis lles gustaron, ben sexa nas aulas adicando unha sesión do plan lector para “o meu libro favorito”ou na biblioteca adicándolle ao tema un recanto, unha exposición, un mural, ....
- Preparación de obras de teatro a representar na biblioteca, nos distintos momentos do curso.
- Lectura de prensa na aula cada mércores do mes de marzo.
- Traballos documentais sobre Luisa Villalta, autor homenaxeado nas Letras Galegas 2024.
- Actividades de aula: reparación e representación de teatro Kamishibai, análises sinxelas de textos literarios curtos, invención dun final diferente, ditados en grupo onde cada un do grupo le para os outros unha liña do texto que estará a certa distancia, xogos do tipo *Que pasaría se...*, Lecturas modernas de libros clásicos.
- Foro Literario: neste curso en colaboración coa biblioteca municipal do concello de Valdoviño, continuaremos participando na proposta de lecturas a cargo de Antón Cortizas, que implica a aquel alumnado voluntario de 5º e 6º cursos de educación primaria, e 1º da ESO.

## **5. Seccións: Bibliotecas de aula.**

Todas as aulas do centro contan cunha pequena biblioteca na que existen numerosos libros que os rapaces poden empregar nas súas lecturas durante o plan lector. Hai títulos únicos e libros dos que hai un exemplar idéntico para cada alumno da aula co obxecto de realizar lecturas colectivas. Os propios titores se encargan da xestión destas bibliotecas de aula, das compras de novos libros, do arranxo dos libros estropeados e do expurgo de libros vellos; a biblioteca pode apoiar as compras de novos libros para as bibliotecas de aula.

Estas bibliotecas de aula poden enriquecerse con libros procedentes da biblioteca do centro en réxime de préstamo. Neste caso o propio titor, coa axuda do equipo da biblioteca se o precisa, xestiona os préstamos na súa aula.



Cada ciclo escolle o funcionamento da biblioteca de aula e as actividades diarias a desenvolver no tempo do plan lector despois do recreo, tempo no que permanece aberta a biblioteca cunha persoa do equipo atendendo os posibles préstamos, axudada polos dez axudantes de biblioteca que se seleccionan cada trimestre.

## **6. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas: Hora de ler (Plan Lector).**

No CPI de Atios, a Hora de Ler está plenamente implantada nas etapas de Infantil e Primaria, tendo unha adxudicación fixa no horario cada día lectivo antes ou tralo recreo en función do curso, e no que figura como “Plan lector”.

- En educación infantil e en 1º de primaria, cada alumno leva un libro á casa os venres para ler cos pais e elaborar unha pequena ficha de comprensión. As estratexias de animación á lectura en educación infantil combinan estas lecturas compartidas cos pais con pequenos traballos sobre a biografía e a obra dun autor por trimestre.

- No primeiro ciclo de Primaria combinarase a lectura colectiva nas coleccións de libros da aula coa lectura individual nos libros da biblioteca de aula e a propia biblioteca. Os nenos e nenas de primeiro tamén levan un libro da biblioteca á casa todas as semanas para ler e traballar cos seus pais.

- No segundo ciclo de Primaria fan lectura individual e colectiva todos os días acompañadas de actividades de prelectura e posterior comprensión; para iso, cada clase merca un título para compartir coas outras clases. Tamén traballarán a prensa escrita ao longo do mes de marzo. Por suposto, non faltarán as visitas á biblioteca para baixar libros de lectura individual á aula.

- No terceiro ciclo de Primaria queren enfocar as lecturas a posteriores dramatizacións; por iso, xa no inicio do curso están localizando lecturas de medo que van representar nos contacontos da biblioteca polo Samaín. Tamén teñen pensado mercar un título para cada clase para poder compartir e facer lecturas colectivas.

- No primeiro, segundo e terceiro ciclo de Primaria funciona o programa das mochilas viaxeiras de xeito que cada neno/nena que queira, leva unha mochila á casa cargada de libros e material en soporte dixital para compartir coa familia ao longo dunha semana.

- No terceiro ciclo dedicarase os mércores do mes de marzo para ler o xornal, dous días á semana para facer lectura individual con libros da biblioteca de aula enriquecida coa

aportación de dous libros por alumno/a traídos da súa casa, e un día de lectura colectiva nun libro seleccionado polos mestres do ciclo, neste momento por determinar.

Todos os alumnos, dende educación infantil ata 6º EP recibirán algunha sesión de formación de usuarios por parte dos propios titores ou dos membros do equipo da biblioteca na propia biblioteca, se os titores o consideran axeitado.

Sempre que as titorías o consideren oportuno, dada a situación epidemiolóxica, poden levarse a cabo apadriñamentos lectores de xeito que os alumnos dun curso superior acoden para facer algunha lectura aos nenos de cursos inferiores.

## **7.Contribución ao desenvolvemento das competencias:**

A biblioteca contemplará o equilibrio no traballo das competencias básicas aínda que a nosa prioridade será a competencia lingüística, aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal e tratamento da información e competencia dixital.

- Competencia Lingüística: é unha competencia de especial prioridade na programación da biblioteca, o fomento da lectura como actividade de lecer ou como actividade de consulta, na propia biblioteca, nas aulas a través da hora de ler, ou nos fogares a través do sistema de préstamo ou das mochilas viaxeiras, seguirá a ter especial protagonismo no noso centro. As actividades de animación á lectura: exposicións de libros, visitas de autores, lecturas dramatizadas, contacontos, obras de monicreques e obras de teatro... serán ferramentas imprescindibles para traballar nesta competencia. O fomento dunha lectura en distintos soportes, impresos ou dixitais, será fundamental de cara á adquisición dunha alfabetización múltiple.

- Aprender a aprender: nestes últimos anos estamos a converter a biblioteca nun centro de recursos no que os usuarios da escola poidan atopar toda a información que precisen para calquera dos seus traballos escolares en coordinación cos departamentos e ciclos, ademais de dar moita importancia á formación de usuarios para que estes poidan atopar na biblioteca aquela información que precisen en cada momento. Nesta liña seguiremos a traballar no vindeiro curso escolar. A dinamización do *espazo fedelleiro* na nosa biblioteca sen dúbida vai contribuír tamén ao traballo con esta competencia.

- Coñecemento e Interacción co Mundo Físico: na biblioteca do CPI de Atios o traballo no coñecemento e interacción co mundo físico é outra das competencias sempre presentes na

nosa programación, neste sentido continuaremos a coordinación cos distintos departamentos, fomentaremos a investigación para preparar as saídas do alumnado ao noso entorno, continuaremos contando coa presenza das familias en temas relacionados coa nosa identidade, seguiremos celebrando o Día do Libro dedicándoo a un personaxe do Concello de Valdoviño, continuaremos promovendo o uso da lingua galega, manteremos a relación con bibliotecas da comarca, participaremos na celebración das festas máis destacadas durante o curso, ...

- Social e Cidadá: a programación da biblioteca no presente curso escolar contribuirá ao traballo desta competencia a través do fomento dos traballos en equipo na realización de calquera das actividades de animación á lectura nas que participen alumnos e profesorado, a través do fomento do uso de material relacionado cos dereitos da cidadanía e a igualdade, a través das propias normas de funcionamento da biblioteca nas que a tolerancia e o respecto polas diferencias serán fundamentais, a través da democratización dos recursos, e da igualdade de oportunidades para o alumnado con NEE, promovendo a presenza de pais e nais nos contacontos, ...

- Autonomía e Iniciativa Persoal : a familiarización coa organización da biblioteca mediante o sistema da CDU, o grupo de axudantes da biblioteca, que informan ao resto do alumnado se lles presenta calquera dificultade, a relación dende principio de curso co departamento de Orientación para adaptar a biblioteca ás discapacidade do noso alumnado instalando materiais que lles faciliten a súa autonomía, a caixa de suxestións onde o alumnado fai propostas de adquisicións, o espazo fedelleiro, ... son iniciativas que esperamos poder desenvolver no vindeiro curso para contribuír ao traballo desta competencia na biblioteca.

- Cultural e Artística: a decoración e os murais que a biblioteca diseña para cada festividade, a participación do centro no concurso “ Poesía e imaxe” que todos os anos promove o EDLG na comarca de Ferrolterra, a creación de cartas no San Valentín, a creación por parte do departamento de Plástica dos decorados para as obras de teatro, a elaboración de contos, libros, cómics e kamishibais por parte dos alumnos nas titorías, ... serán as principais ferramentas para traballar esta competencia dende a biblioteca.

- Tratamento da Información e Competencia Dixital: a biblioteca ofrece a oportunidade de que todos os alumnos, especialmente aqueles que non teñen ordenadores na casa, poidan achegarse ao mundo dixital no seu tempo de lecer e tamén cando o profesorado o considere axeitado; a materia de *tratamento da información* en 4º de E. Primaria, as de *Tecnoloxía* e *TIC*

en Secundaria, os obradoiros de robótica ou o club de ciencias programados como actividades extraescolares van ser fundamentais para o traballo desta competencia. A biblioteca está dotada de varios ordenadores a disposición dos usuarios, e en colaboración co equipo de TIC están convenientemente preparados para que os alumnos atopen neles os programas informáticos que precisen para realizar traballos de distinto tipo: cómic, gravacións de audio, presentacións, ... Por outra banda, o propio sistema de funcionamento da biblioteca é un exemplo de manexo da competencia dixital: os axudantes de biblioteca colaboran no préstamo cos programas Abies e Meiga.

- Competencia Matemática: seguiremos a traballar os contidos da Clasificación Decimal a través da CDU da biblioteca e continuaremos a mercar e difundir na biblioteca os libros relacionados coas matemáticas.

## 8. Recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura.

As coordinadoras de biblioteca de Primaria e Secundaria suman XX horas de atención á biblioteca. Os membros do equipo contan con varias sesións e horas de traballo na biblioteca no seu horario. O resto do equipo non conta con horas de biblioteca dadas as necesidades do centro. O equipo de Biblioteca completo está formado polas seguintes persoas:

Docente	Etapas/Nivel	Cargo	Períodos lectivos (25' ou 50')	Gardas de recreo=15'
M <sup>a</sup> Sonia Corral Almeida	Primaria, 2º ciclo	Coordinadora de Primaria.	10 de 25' = 4 horas	2
M <sup>a</sup> Balbina Manso Lorenzo	Infantil	Apoio	0	0
Jesús Francisco Piñón Pérez	Primaria, 1º ciclo	Titor 1ºA EP	0	0
			0	0
M. <sup>a</sup> Carmen Barro Sueiras	Primaria 3º ciclo	Mestra de inglés.	0	2
M. <sup>a</sup> de los Ángles Vidal Méndez	Infantil e primar	Mestra de relixión	5 de 25' = 2h	
Fátima Blas Parga			0	0
Laura M. <sup>a</sup> Fernández Sánchez	Secundaria	Profesora de francés.		4
Eva M. <sup>a</sup> Couce Coba	Secundaria	Titora de 3º ESO C Profesora de lingua e literatura castelá.	0	6

Zeltia Rodríguez Rodríguez	Secundaria	2 de 50' Coordinadora de Secundaria  Titora de 2º ESO B Profesora de lingua e literatura castelá.	2 de 50'	0
M. Luísa Pita Rubido	Secundaria	Profesora de lingua e literatura galega.	0	0

O servizo de préstamo e devolución está garantido en todos os recreos de Secundaria e Primaria, pois sempre hai un profesor de garda na Biblioteca.

Nos recreos de Primaria, a Biblioteca estará aberta todos os días, para o alumnado de 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria. Os alumnos de Infantil e de 1º de Primaria acoden á Biblioteca sempre acompañados do seu titor.

O alumnado voluntario tamén acudirá nos recreos e farase coincidir co mesmo nivel que corresponda para os lectores dese día.

As quendas de gardas de Biblioteca serán revisadas unha vez establecidos os Apoios que se necesitan para alumnado con necesidades específicas.

## 9. Itinerarios lectores.

En Primaria, cada ciclo escolle os títulos que considera máis axeitados para os seus alumnos cos que realizar lecturas colectivas, en coordinación coa biblioteca sempre que o precisen.

En Secundaria, son os profesores de cada asignatura, en coordinación co xefe de departamento correspondente, os que determinan os títulos que serán obxecto de lectura obrigada, lectura optativa e estudio.

## 10. As TIC no proxecto lector.

-Acceso a Internet na biblioteca e nas aulas.

-Pequenos proxectos de investigación documental e informativa nas aulas en grupos.

- TV educativa.

-Páxina web do centro e blog da biblioteca.

-Aula de informática.

-Xestión informática dos fondos a través do Meiga no que colaboren os mestres do equipo da biblioteca e os axudantes de biblioteca.

## **11. Seguimento e avaliación.**

A avaliación ten dúas vertentes: a avaliación de cada actividade e avaliación da organización e funcionamento da biblioteca en xeral.

a) Avaliación de cada actividade. Instrumentos:

- dúas plantillas para a avaliación de actividades: un modelo para o profesorado e outro para o alumnado, sinxelos de cubrir e breves, pero cheos de información útil á hora de programar e mellorar futuras actividades. A ficha de avaliación da actividade en concreto será cuberta inmediatamente ao finalizar a actividade e recollerá a información máis relevante. O modelo de ambas plantillas atópase no Anexo I deste PAL.

- actividade de titoría no que cada titor recolle as opinións e suxestións de mellora do alumnado, por grupo e nivel, sendo trasladadas despois ao equipo de biblioteca para a súa análise. A partir deste curso implementaremos tamén ferramentas dixitais en liña axeitadas a cada rango de idade e diferenciadas segundo o tipo de usuario (profesorado, alumnado, persoal non docente e familias).

- no seo do profesorado, as actividades da biblioteca e aquelas organizadas en conxunto co EDLG e o EACE do centro son tratadas previamente e comentadas posteriormente nas sesións de Claustro e CCP.

b) Avaliación da organización e funcionamento da biblioteca. Instrumentos:

- No primeiro trimestre do curso, no equipo de biblioteca poñeremos en común os diversos instrumentos que dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares se facilitarán para valorar cal desas ferramentas resulta máis axeitada para cumprir esta función no noso centro educativo. Despois, subministraremos a cada usuario usuario (profesorado, alumnado, persoal non docente e familias) un formulario en liña que recolla a valoración dos usuarios e ofrezca os datos sintetizados como os xerados por exemplo, por Google Forms.

- A realización de estatísticas periódicas de préstamo, alumnos lectores, preferencias lectoras, que acheguen información a contrastar e valorar
- Ao longo de cada curso, este proxecto é avaliado de forma continua polos membros da comunidade educativa e concrétase, en última instancia, polo equipo responsable da Biblioteca, reunido de forma periódica para exercer unha reflexión sobre o proxecto.
- Trimestralmente, dentro do proceso de avaliación da PXA, informase ao Claustro de profesores e ao Consello Escolar dos resultados que se están a obter. A fin de curso recóllese nunha memoria final (a memoria Plambe) a valoración global do Proxecto, que inclúe as posibles modificacións de cara ao próximo curso.
- Unha vez formulada a avaliación como reflexión continuada, son necesarios uns criterios de referencia que podemos enumerar a continuación:
  - \* Grao de consecución dos obxectivos formulados.
  - \* Funcionalidade do Proxecto na escola.
  - \* Accesibilidade da Comunidade Escolar ao plan anual de lectura.
  - \* Normalización do plan lector na vida do centro.
  - \* Detección de posibles erros ou dificultades na concepción dunha determinada actividade.
  - \* Recollida sempre de novas achegas que enriquezan e melloren o proxecto.

## **12. Seguimento e avaliación.**

O CPI de Atios considérase inmerso nunha comunidade escolar e non un organismo illado. Este plan anual de lectura non se entende sen actividades coordinadas coa Biblioteca Municipal e a participación do entorno do alumnado no conxunto xeral de traballos que se programen, como xa se vén facendo de forma habitual.

No presente curso escolar queremos darlle un impulso máis á participación das familias na biblioteca contando coa presenza de pais e nais para facer contacontos ou colaborando nalgunha das efemérides que celebramos na biblioteca. A colaboración coas asociacións veciñais, a Concellaría de Cultura do concello de Valdoviño e a Biblioteca Municipal para o

vindeiro curso escolar están aínda por concretar pero adoitan ser unha constante nas actividades desta biblioteca.



En Valdoviño, a 2 de outubro de 2023.



**Anexo I:** Fichas de avaliación das actividades da Biblioteca para alumnado e para profesorado.

**OS ALUMNOS VALORAMOS ESTA ACTIVIDADE**

Rodea o teu curso:

1º Primaria - 2º Primaria - 3º Primaria - 4º Primaria - 5º Primaria - 6º Primaria

1º ESO - 2º ESO - 3º ESO - 4º ESO

<b>Tipo</b> de actividade (charla, contacontos, obradoiro, teatro, concerto, recital, ...)						
<b>Nome</b> do convidado (poeta, actor, narrador, escritor, banda, grupo, ...) <b>ou</b> <b>título</b> (da obra, do libro, ...)						
Para min esta actividade foi ... (rodea)	moi interesante	pouco interesante	aburrida	divertida	fácil de entender	difícil de entender
Aprendín	moitas cousas		bastante ou algo		pouco ou nada	
Gustaríame que houbera máis actividades semellantes a esta					si	non
O que máis me gustou foi ...						
Podería ser mellor se ...						
Quero dicir algo máis:						

## AVALIACIÓN DE ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA – PROFESORADO

Rodea os cursos participantes:

4º E.I    5º E.I    6º E.I

1º E.P. - 2º E.P. - 3º E.P. - 4º E.P. - 5º E.P. - 6º E.P.

(ou os que ti acompañaches)

1º ESO - 2º ESO - 3º ESO - 4º ESO

<b>Tipo de actividade</b>	(charla, contacontos, obradoiro, teatro, concerto, recital, ...)					
<b>Nome do convidado</b> (poeta, actor, narrador, escritor, banda, grupo, ...) <b>ou</b> <b>título</b> (da obra, do libro, ...)						
No transcurso da actividade atopei o alumnado en xeral	desinteresado	atento	aburrido	divertido	perdido, con dificultades	involucrado, participativo
A duración da actividade foi	excesiva, longa para o contido a tratar		axeitada aos obxectivos		escasa, non deu tempo a finalizala ou houbo que recortar contidos	
Creo que esta actividade ou unha semellante se debería repetir en vindeiros cursos					si	non
O que máis me gustou foi ...						
Podería ser mellor se ...						
Quero dicir algo máis:						